



SEMENTEIRA 2022

Campamento de verán Moeche 2022

O campamento de verán Sementeira é un programa que ofrece un servizo para conciliar a vida persoal, familiar e laboral mediante actividades de carácter lúdico e educativo dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos.

Sementeira ofrece un conxunto de actividades que terán como base o Pavillón polideportivo de San Ramón e saídas a diferentes puntos do concello e da comarca con actividades formativas e lúdicas: actividades na feira, na aula informática da Casa do concello, na área recreativa de Souto Grande, no castelo, na piscina, no centro cultural, pistas deportivas, patio da escola, etc.

Duración: meses de xullo e agosto.

Horarios: de luns a venres, dúas quendas:

- a) 08.30h a 14.00h con horario de entrada de 8.30h a 9.00h e saída de 13.45h a 14.15h
- b) 10.00h a 14.00h con horario de entrada de 9.30h a 10.00h e saída de 13.45h a 14.15h

As actividades desenvolveranse a partir das 10.00h. Os participantes da quenda das 08.30h. realizarán actividades de lectura e xogos na primeira hora.

Persoas destinatarias

Terán preferencia, tendo en conta a data de rexistro de entrada no Concello, respectando a seguinte orde:

1. Nenos ou nenas matriculados/as no CEIP San Ramón.
 2. Familias con algún membro empadroado no Concello de Moeche con esta orde de preferencia: nais e pais, avoas e avós.
 3. Familias con algún dos membros con vinculación laboral no municipio.
- En cada un dos casos anteriores, sempre terán preferencia as solicitudes que demanden horario madrugador, dende as 8.30h.



Prazas: ofrécense ata un máximo de 30 prazas. Na franxa horaria de 8.30h. a 10:00h. só se ofrecen 8 prazas.

Inscrición

Matriculación **do 10 ao 22 de xuño**, de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas na Casa do Concello ou na Sede Electrónica moeche.gal para as prazas de xullo e para reserva de praza no mes de agosto pagando os dous meses.

Para inscribir as nenas e os nenos no Sementeira para o mes de agosto abrírase un prazo do **15 ao 26 de xullo**.

Só poderán proceder ao pagamento para a praza os nenos ou nenas que estean matriculados no CEIP San Ramón e as familias que figuren empadroadas no Concello, dado que son as que teñen preferencia. Rematado o prazo de matrícula, o resto das familias que solicitasen pero non estean empadroadas no Concello de Moeche deberán efectuar o pagamento unha vez que lle confirmen a praza desde o departamento de Benestar Social e Igualdade.

En función do horario de entrada, as **cotas mensuais** serán as seguintes:

	Horario de 8.30 a 14.00	Horario de 10.00 a 14.00
1º Membro	80 €	70 €
2º Irmán/irmá	60 €	50 €
3º Irmán/irmá	40 €	30 €

Moeche, á data da sinatura dixital
A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras